



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DEZASEIS DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Extpe. 2021/G007/000035

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e corenta minutos do día dezaseis de setembro de dous mil vinte e un, ten lugar reunión en primeira convocatoria de Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten todos/as os/as concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, Don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa.

Asistidos da secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN CERTIFICACIÓN N.º 1 E FINAL DA MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO POLIDEPORTIVO DE MEIRÁS.-

PROPOSTA DE APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN DE OBRA:

“Proposta de aprobación da certificación de obra n.º 1 e final “Mellora da eficiencia no polideportivo de Meirás” do Concello de Valdoviño, asinada pola dirección de obra o 10 de xuño de 2021 e inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño en data 11/06/2021. A correspondente factura foi presentada telemáticamente pola empresa adjudicataria Electricidad Permuy, S. L. en data 18/06/2021 por importe de 11.670,45 euros. Consta acta de recepción de obra de data 02/09/2021.

Tomando nota do indicado, PROPONSE que se adopte o seguinte acordo;

PRIMEIRO.- Aprobación da certificación de obra n.º 1 e final de “Mellora da eficiencia no polideportivo de Meirás” do Concello de Valdoviño e a correspondente factura número AA21 000138 de data 17/06/2021 con número de rexistro contable F/2021/1488, emitida por Electricidad Permuy, S. L. e presentada no rexistro electrónico de facturas en data 18/06/2021 por importe de 11.670,45 euros.

SEGUNDO.- De conformidade disposto no artigo 21 da *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local* como Alcalde e ordenador de pagos, acordar e ordenar o pago dos importes citados que derivan do recoñecemento da obriga, así como

recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da *Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes*. Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do presuposto de execución material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente.

E, finalmente, ao importe total da certificación n.º 1 correspondente a obra “*Mellora da eficiencia no polideportivo de Meirás*” deberán descontárselle 453,68 euros pola dirección e inspección de obra e 151,23 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica
O Alcalde do Concello de Valdoviño;

Asdo.; Alberto González Fernández”.

Vista a proposta de Alcaldía descrita, a Xunta de Goberno Local, acordou aprobar(votación ordinaria e por unanimidade dos seus compoñentes) a certificación 1 e única da Mellora da eficiencia enerxética no polideportivo de Meirás.

2º.- APROBACIÓN CONTROL CALIDADE VALORADO, DE “CYE CONTROL Y ESTUDIOS”, PARA A OBRA DE AGADER 2021.-

Proposta de Alcaldía:

“O Concello de Valdoviño está a executar a obra: REFORZO DE RODADURA NOS CAMIÑOS DE LAGOA, LANZÓS E CORVAL, incluída no Plan de Mellora de Camiños Municipais de acceso a parcelas agrícolas (AGADER 2021).

Aprobado o expte de contratación, en cuio documento Anexo I.- Cuadro Características contrato figura no punto 18. Control de Calidade.- Os gastos asumeos a Administración.

Visto o control de calidade valorado de data 13.09.21 de “CYE Control y Estudios” asinado polo Director técnico Gonzalo Y. Guzmán Bermúdez, por importe de 450,00€ (sen IVE); IVE.- 94,50€; Total 544,50€.

Esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

1º._ Aprobar o Plan de Control de Calidade Valorado, no que constan as condicións particulares, presentado por “CYE Control y Estudios”, así como o importe do mesmo: 544,50€ con cargo á partida orzamentaria 151.22706.

2º._ Dar traslado do acordado á intervención municipal, notificar a CYE Control y Calidad para o seu coñecemento e efectos.

Non obstante, a Xunta decidirá o que estime máis convinte.

Asinado dixital polo Sr. Alcalde.”

A Xunta de Goberno Local, vista a proposta de Alcaldía transcrita, en votación ordinaria e por unanimidade acorda a súa aprobación.

3º.- PROPOSTA DE ALCALDÍA PARA A AUTORIZACIÓN DE TRANSMISIÓN DE LICENZA Nº 8 DE TAXI.-

Expediente nº: 2021/X999/000384

ANTECEDENTES DE FEITO

Vista solicitude xeral de data 20-07-2021 rexistrada de entrada ao n.º 202199900001156 presentada telemáticamente por dona Lorena Hermida López, DNI núm. 32691716E e enderezo en Lgar. As Covas, 4, 15552, Valdoviño, no que expón ser titular da licenza interurbana de taxi nº 8 do Concello de Valdoviño, e solicita que, previos os trámites oportunos, se autorice a transmisión da mesma a favor de Don Antonio Castro Padín.

Xunto á solicitude, presenta a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI de Lorena Hermida López.
- Certificado de estar ao corrente coa Axencia Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Seguridade Social de Lorena Hermida López.
- Xustificante de pago das taxas á facenda autonómica.
- Fotocopia do DNI e permiso de circulación de Antonio Castro Padín.
- Declaración responsable de non ter licenza de taxi noutro Concello.
- Certificado de estar ao corrente coa Axencia Tributaria de Galicia e coa Seguridade Social.

Examinada a mesma, se solicita subsanación da solicitude, para completala co Certificado de estar ao corrente coa Axencia Tributaria de Antonio López Padín, e o de Lorena Hermida López en vigor, así coma solicitude conxunta asinada polos dous interesados.

Vista a aportación de documentación por parte dos interesados o 1 de setembro de 2021, nº de rexistro de entrada 202100000002016 e 202100000002017, respectivamente, e comprobado que está todo correcto.

NORMATIVA APLICABLE

- Lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de personas en vehículos de turismo de Galicia.
- Decreto 103/2018, do 13 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da lei 4/2013, de 30 de maio, de transporte público de personas en vehículos de turismo en Galicia.

Á vista de que quedan acreditados os extremos previstos no artigo 11.3 do Decreto 103/2018:

a) Que transcorreu un mínimo de dous anos desde a adquisición pola persoa transmitente da condición de titular da licenza. A limitación temporal indicada non será aplicable no caso de xubilación, falecemento ou declaración de incapacidade para prestar o servizo de taxi, e no previsto no artigo 12.4.

b) Que as persoas transmitente e adquirente están ao corrente das súas obrigacións tributarias locais e das relacionadas coa actividade propia do servizo de taxi.

c) Que nin a persoa transmitente nin a adquirente teñen pendentes de cumprimento sancións pecuniarias derivadas do exercicio da actividade como taxista que lles foren impostas polo concello por resolución administrativa firme.

d) Que a persoa adquirente non superaría, como consecuencia da transmisión, o límite máximo de concentración de licenzas de taxi nunha mesma persoa titular, de acordo co disposto no artigo 9 e concordantes da Lei 4/2013, do 30 de maio, así como que dita persoa cumpre os requisitos para ser titular da licenza municipal.

e) Que non se impuxo a prohibición de transmisión como medida provisional durante a tramitación dun procedemento de extinción da licenza, nin obsta ningún outro impedimento para a transmisión.

Esta Alcaldía en uso das súas competencias, PROPÓN:

1. Iniciar as actuacións para levar a cabo a tramitación para a autorización da transmisión inter vivos da Licenza n.º 8 do Concello de Valdoviño que actualmentes ten outorgada Dona Lorena Hermida López e que pretende transmitir a Don Antonio López Padín. Dita transmisión implica a transmisión do vehículo asociado actualmente á licenza n.º 8 de Valdoviño.

2. Dar traslado da presente proposta á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia aos efectos da emisión de informe preceptivo e vinculante, dacordo co disposto no artigo 3 do Decreto 103/2018 que regula o procedemento coordinado ao que se axustará a autorización da transmisión.

Así o acorda e dispón o Sr. Alcalde D. Alberto González Fernández, en Valdoviño na data da sinatura electrónica á marxe.”

Sometese a antecedente proposta de Alcaldía, de autorización de transmisión de licenza de taxi n.º 8 deste Concello, a aprobación. **A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros, acorda aprobala e que se libre a correspondente certificación e traslado ao tramitador do expediente.**

FÓRA DA ORDE DO DÍA

O alcalde, presenta via urxenza á Xunta o expediente de contratación do servizo de limpeza en diversos edificios municipais do Concello de Valdoviño, sendo necesaria nova adxudicación do dito servizo de carácter esencial, que non pode ser coberto por medios propios municipais. Ratificada a urxenza por acordo común deste órgano colexiado, o asunto pasa a incluírse FÓRA DA ORDE DO DÍA:

EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA EN DIVERSOS EDIFICIOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.-

Despois de ver a Xunta de Goberno Local a proposta seguinte de Alcaldía- incluída fóra da Orde do Día da sesión, tras ratificar a urxenza do asunto- aprobou o expediente de contratación así coma tamén o comezo de adxudicación do expediente antedito, tramitado co número 2021/C004/000005.

PROPOSTA DA ALCALDÍA:

“Vista a necesidade de contratar a prestación do servizo de Limpeza en diversos edificios municipais do Concello de Valdoviño.

Visto o informe da Secretaria municipal de data 15 de setembro de 2021 e o informe de fiscalización da Interventora municipal de data 16 de setembro do 2021.

Considerando polo tanto, que se cumpre co estipulado na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

De acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPONSE:**

PRIMEIRO.-Aprobar o procedemento de contratación e comezo do de adxudicación, do servizo: “Limpeza en diversos edificios municipais do Concello de Valdoviño” mediante tramitación ordinaria e procedemento aberto co factor prezo.

SEGUNDO.- Aprobar os Pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, que rexerán a presente contratación.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto, cun Presuposto base de licitación de **95.000 euros/anuais IVE engadido.**, con cargo á aplicación orzamentaria. 933.227.00

CUARTO.- Publicar o corresponde anuncio no perfil do contratante deste concello aloxado na plataforma de contratación do sector público.

Esta é a miña proposta, non entanto a Xunta de Goberno Local aprobará o que estime máis convinte. En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

/DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE ALBERTO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ/. “

PARTE DE ACTIVIDADE

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulo nengún rogo nen pregunta.

Sen nengún outro asunto a tratar, cando son as dez hors, a Presidencia levanta a sesión, da que coma Secretaria, estendo a presente acta e CERTIFICO o seu contido.

Documento asinado electrónicamente pola secretaria municipal e polo alcalde